

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE QUE  
CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 10/08/2016,  
EN 1ª CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES**

**Concelleiros**

**Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

José Marcote Suárez  
Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

**Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Santiago Insua Esmorís-Recamán

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

**Converxencia Galega**

Juan Agustín García Pouso

**Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**Non asiste**

María del Rocío Marcote Canosa

**Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 10/08/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación coa seguinte:**

**Orde do día**

- 1º.- Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.-
- 2º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 3º.- Expediente aprobación provisional Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- 4º.- Formación Comisión Seguimento Concesión Administrativa Semáforo.--
- 5º.- Recoñecemento labor de Perfecto Marcote Marcote.-

**1º.- Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.-**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda ratificar a urxencia da convocatoria tendo en conta a necesidade de aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal e remisión solicitada pola Secretaria Xeral de Urbanismo.-

**2º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.**

- Sometidas a votación as dos días 3 de Xuño e 1 de Xullo de 2016 son aprobadas por unanimidade dos asistentes.-

- Deixase sobre a mesa a do día 5 de Agosto de 2016 ó non terse redactado.-

**3º.-Expediente aprobación provisional Plan Xeral de Ordenación Municipal.**

Á vista do contido do oficio número 83548 / RX 1120023 de data 3 de Agosto de 2016 procedente da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, una vez examinada a documentación e sen a participación na votación dos concelleiros do grupo popular, en base as razóns que a continuación se indican expresadas polo seu portavoz, Sr. Traba Fernández :

"Tendo en conta que no pleno do 17 de Marzo deste ano donde se aprobou provisionalmente por esta Corporación Municipal o Plan Xeral de Ordenación Municipal ( PXOM) porque o grupo popular entendía que non se axustaba ás necesidades de Fisterra, non fora consensuado, e botaba por terra os anos de loita e negociacións coas diferentes administracións competentes coa única meta de defender os intereses de TODOS os Fisterráns, indicouse polo Goberno Municipal que o trámite de aprobación pola Corporación Municipal de Fisterra contaba con todos os requisitos e informes para proceder a mesma.

Cal é a nosa sorpresa que no informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia (independentemente de que casi todos os informes aportados eran favorables pero con múltiples condicionantes), non estaban no expediente aprobado documentos imprescindibles como:

-A documentación relacionada coa Avaliación Ambiental estratéxica.-  
A dilixencia do PXOM aprobado inicialmente  
Certificados de silencio na fase de audiencias  
As alegacións presentadas

O Informe Técnico Municipal e o Informe de Intervención municipal.-  
 O Informe de Costas do Estado e O Informe de Telecomunicacións  
 O Informe do rexistro Mineiro de Galicia  
 Os informes sectoriais de Augas, Portos, Estradas e Calidade Ambiental  
 A Normativa de habitabilidade  
 A Memoria de accesibilidade e supresión de barreiras  
 Os planos de concentración parcelaria  
 Etc

Por todo isto, e vista a documentación en formato dixital que se remitiu a este Grupo Municipal do Partido Popular donde se aprecia a falta dos informes antes sinalados, e o de

Ordenación e Producción Forfesta  
 Informe de Desenvolvemento Rural  
 Informe de Instituto de Vivenda e Solo  
 Etc

E sobre todo o informe técnico e de intervención Municipal.-

Por todas estas consideracions ¿Considera o Sr. Alcalde que se debe volver a votar de novo catro meses despois a aprobación provisional do PXOM de Fisterra en estas condicións?

Visto que este Plan presentado non ten absolutamente nada que ver co que leva loitando o grupo popular de Fisterra, antes dende o goberno municipal, e agora dende a oposición, non imos participar na votación dun trámite co que non estamos de acordo e consideramos incompleto "-.

O Pleno da Corporación por Sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega ) acorda :

1) Aprobar Provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra en base ó Documento urbanístico redactado de data Marzo de 2016 coas modificacións esixidas e introducidas por parte da Empresa adjudicataria Eptisa Servicios de Ingeniería S.A. en data 3 de Agosto de 2016 comprensivo de:

NUMERO	TOMO	DESCRIPCION
I	I	Memoria descriptiva e xustificativa
II		Estudo do Medio Rural
III		Análise do Modelo de Asentamento Poboacional
IV		Planos de Información
V		Planos de Ordenación
	II	
VI		Normas Urbanísticas
VII		Estratexia de actuación
VIII		Estudo Económico
IX		Catálogo de elementos a protexer

		<b>ou recuperar</b>
<b>X</b>		<b>Informe de Sustentabilidade Ambiental</b>
<b>XI</b>		<b>Informe de Sustentabilidade Económica</b>
<b>XII</b>		<b>Documento de Consultas</b>
<b>XIII</b>		<b>Resumen executivo</b>

**2º.- Remítase certificación deste acordo á Secretaria Xeral acompañada da documentación solicitada.-**

**4º.- Formación Comisión Seguimento Concesión Administrativa Semáforo.--**

Á vista do disposto na Cláusula 9 derradeiro parágrafo do Prego de Cláusulas Administrativas e de Explotación do edificio " O Semáforo " e o seu Anexo " O Refuxio ", o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes, acorda crear unha Comisión de Seguimento integrada polos seguintes membros corporativos :

Jose Marcote Suárez.- Alcalde

Alexandre Dominguez Lado.- Titular  
Soledad Vilela Romero.- Suplente

Un Titular e un suplente do grupo popular

Xan Carlos Sar Oliveira.- Titular  
Teresa Fernández Martínez.- Suplente

Juan Agustín García Pouso.- Titular

Técnico/a Departamento de Urbanismo.-

Dita Comisión reunirse unha vez ao ano ou cantas veces se crea conveniente para a vixiancia da Concesión Administrativa.--

**5º.- Recoñecemento labor de Perfecto Marcote Marcote.-**

Vista a Proposta formulada por parte de todos os grupos políticos integrantes da Corporación Municipal de data 13 de Agosto de 2016 (PSdG-PSOE - PP - BNG e CONVERXENCIA GALEGA ) sobre a persoa de Perfecto Marcote Marcote,

**CONSIDERANDO, Que recoñecer e valorar as boas accións, traxectoria, exemplos e valores que permanecerán na memoria das nosas xentes e**

formarán parte da nosa historia, é sen ningunha dúbida, un deber da sociedade e conseguintemente das institucións que nos representan.

Os motivos para que as persoas sexan merecedoras dun recoñecemento público son extensos aínda que o tempo e as circunstancias desafortunadamente non sempre son os propios e adecuados, como neste caso en particular. O recente falecemento do fisterrán D. Perfecto Marcote Marcote, leva ao Concello de Fisterra a plantexar un acordo municipal de recoñecemento público post-mortem a unha traxectoria e exemplo de vida que representa un orgullo para todos os fisterráns e fisterrás.

Recoñecer a obra humanitaria e logros deste home é valorar e deixar na nosa memoria colectiva, non só a súa persoa, senón tamén o seu bo facer xunto cunha actitude de vida merecente deste agradecemento.

D. Perfecto Marcote, presidíu o Centro Galego de Xubilados e Pensionistas de Arxentina ademais de ser directivo da “Sociedade Finisterre en América” baseando o seu traballo sempre nunha labor benefactora preocupándose dos máis necesitados. Obtivo a Medalla de Ouro da Provincia por parte da Deputación da Coruña e a Medalla de Galicia 2004 na súa categoría de Bronce. Foi condecorado coa Insignia de Ouro e Esmalte do Concello de Comunidades Galegas no 2003 ademais de ser nomeado Personalidade destacada da cidade de Avellaneda (2006) entre outros galardóns.

Aos 94 anos de idade, o día 5 de xullo e xa na súa terra natal, deixábanos o primeiro dos fisterráns en emigrar a Perú para despois trasladarse á cidade de Avellaneda en Arxentina onde estableceu a súa vida; por todo o anterior, o Pleno por Unanimidade dos asistentes acorda :

**PRIMEIRO.-** Outorgar por esta Corporación o Recoñecemento post-mortem a Don Perfecto Marcote Marcote, en agradecemento ao seu bo facer e ao seu legado e ofrezca a máis sentida condolencia pola súa perda a todos os seus familiares.

**SEGUNDO.-** Que queda ratificada esta iniciativa por parte dos distintos grupos políticos desta Corporación, uníndose nun único sentir cara a figura de Don Perfecto Marcote Marcote, veciño de Fisterra.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 20:30 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.